

A XUNTA RENOVA A SÚA WEB

Obxectivo: máis accesible ó cidadán

Un ano despois da reestruturación do seu portal corporativo a Xunta renovou a súa web de cabeceira para impulsar e potenciar o uso dos servizos electrónicos e dar unha resposta máis eficiente e adaptada ás novas necesidades da cidadanía. Este cambio alíñase cos obxectivos do Decreto que regula a presenza da Administración en Internet, aprobado o pasado xoves polo Goberno da Xunta, e que busca impulsar a transparencia informativa e a participación cidadá a través das redes sociais.

O Decreto articula o portal corporativo www.xunta.es como a porta de entrada a toda a rede de portais institucionais e á totalidade de servizos participativos da Xunta. De aí, que o primeiro obxectivo da nova versión da web sexa facilitar o acceso aos espazos de relación e comunicación máis relevantes e incrementar a presenza dos servizos corporativos máis comúns de recente incorporación á Web. Estas modificacións realizáronse en base á interacción coa cidadanía e aos estudos de comportamento dos usuarios da web que suman preto dun millón ao mes.

No último ano a Xunta aumentou o número dos servizos públicos electrónicos a disposición dos cidadáns o que requiría unha maior visibilidade na web. Nesta liña refórzase o espazo e! e elévase ao menú principal como sección que aglutina os servizos de eAdministración da Xunta, entre eles a sede electrónica que entrou en funcionamento hai tres semanas ou o acceso ao DOG dixital.

NOVOS CONTIDOS

A continua posta en marcha de novos contidos e servizos por parte dos diferentes departamentos ten resposta tamén no portal corporativo, mellorando presenza de ligazóns aos portais das diferentes consellerías en www.xunta.es.

Estas ligazóns, que ata o de agora se presentaban categorizadas en función do colectivo ou público obxectivo ao que ían orientadas, preséntase ademais organizadas por áreas temáticas,

TERCEIRA EN ACCESIBILIDADE

A páxina web de Xunta de Galicia é a terceira máis accesible de todos os portais corporativos das distintas Comunidades Autónomas, segundo o último informe realizado polo Observatorio de Accesibilidade do Ministerio Política Territorial e Administración Pública. En menos dun ano, no período comprendido entre xuño do 2010 e outubro de 2011, o portal corporativo subiu un total de dez postos nesta clasificación. O Observatorio puntúa os portais corporativos en tres niveis de cumprimento e tamén cunha nota media de 0 a 10. No último informe o portal da Xunta obtivo o máximo grao de cumprimento dos tres niveis, e unha puntuación media dun 9 sobre 10.

Desde o Goberno galego, enténdese que a presenza da Administración pública en Internet debe articularse, fundamentalmente, sobre o principio de accesibilidade. Para evitar que ningunha persoa quede excluída deste dereito, a Xunta de Galicia está a levar a cabo unha serie de accións que contribúan á mellora deste acceso por parte daqueles colectivos que presentan algún tipo de discapacidade, xa sexa física, sensorial ou ben cognitiva.

Para avanzar neste camiño a Secretaría Xeral de Modernización puxo en marcha este ano un sistema de videointerpretación en lingua de signos que lle garante ás persoas xordas o acceso, en igualdade de condicións, ao 012, a liña telefónica que canaliza todas as consultas de información xeral que a cidadanía dirixe á Administración galega. O servizo de videointerpretación para persoas xordas ponse en marcha en Galicia grazas a un convenio asinado entre a Xunta e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia.

Esta destacada ferramenta tecnolóxica, que está dispoñible actualmente na rede, pode usarse tamén, de xeito presencial, no chamado Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela e nas correspondentes delegacións deste organismo nas principais cidades galegas: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Ferrol, espazos estes nos que integra a maiores todos e cada uns dos servizos que se prestan habitualmente a través da Oficina de Rexistro Único e Información da Xunta de Galicia.

A Administración galega desenvolveu tamén un avanzado sistema de reprodución de texto web a voz online que está dispoñible para todos os portais que ten a Xunta de Galicia que queiran integrala como un servizo de audiocontidos.

A CONTINUA INCORPORACIÓN DE NOVOS CONTIDOS E SERVIZOS POR PARTE DOS DIFERENTES DEPARTAMENTOS TEN RESPUESTA TAMÉN NO PORTAL, MELLORANDO A PRESENZA DE LIGAZÓN OS PORTAIS DAS DIFERENTES CONSELLERÍAS

ou palabras significativas para as persoas usuarias.

Nese mesmo espazo destinado ás consellerías o usuario atópase cun acceso áxil aos servizos de maior uso por parte da cidadanía organizados por áreas temáticas. Por exemplo, baixo o epígrafe de saúde destacan-se a cita en Atención Primaria ou a Tarxeta Sanitaria, no de Familia o de pago de taxas escolares e o de carné familiar e así ata 8 etiquetas que facilitan a navegación do cidadán e o acceso ás prestacións servizos máis demandadas.

No eido da divulgación e da comunicación búscase dar a coñecer proxectos relevantes e campañas de comunicación a través dunha caixa multimedia que se sitúa no espazo superior dereito da páxina. Esta caixa

The screenshot displays the Xunta de Galicia website interface. At the top, there's a header with the Xunta logo and navigation links like 'GOBIERNO E INSTITUCIÓNS', 'TEMAS', 'COLECTIVOS', and 'ESPAZO E!'. Below this, there are sections for 'CIDADÁNS' and 'EMPRESAS E PROFESIONAIS' with icons for services like 'Oficina Virtual de Empleo', 'Recursos educativos do proxecto A3xer', 'Rexistro de demandantes de emprego', 'Factura electrónica', '100% Espazo de contratación pública', and 'Iniciativas de rede empresarial'. A central menu lists services such as 'Servizos de saúde para a cidadanía', 'Pago de taxas, prezos e multas', 'Reservación e reactivación de demanda de emprego', 'Oposicións á Xunta', 'Pago de impostos', and 'Oficina virtual de emprego'. There's also a 'Toda a Xunta' section with icons for 'Administración pública', 'Cultura, ocio e deporte', 'Ensaio e formación', 'Saúde, asistencia social e servizos sociais', 'Ciencia e tecnoloxía', 'Economía, empresa e emprego', 'Medio ambiente', and 'Territorio, vivenda e transporte'. The bottom part of the page features a 'Guía de procedementos e servizos' section with a table of dates and actions, and a 'DOG' (Diario Oficial de Galicia) section with 'e! SEDE ELECTRÓNICA' and 'SERVI' (Servizo de resposta inmediata) options.

creouse a xeito de carrusel para que poida albergar e compatibilizar varias accións de comunicación ao mesmo tempo e posibilita o uso de calquera formato multimedia: texto, imaxe, vídeo ou son.

ESPAZO MÁIS ACCESIBLE

Con estas melloras búscase converter o portal nun espazo cada vez máis intuitivo, sinxelo e accesible ao cidadán e acadando cada vez maiores cotas de interactividade e potenciando o uso das redes sociais como canle de diálogo, participación consulta e opinión.

A Administración autonómica incrementou progresivamente a súa presenza nestas canles e actualmente arredor de 15 departamentos da Xunta teñen contas en redes sociais como Face-

COAS MELLORAS INTRODUCIDAS NA PÁXINA WEB BÚSCASE CONVERTER O PORTAL NUN ESPAZO CADA VEZ MÁIS INTUITIVO, SINXELO E ACCESIBLE Ó CIDADÁN ACADANDO Á VEZ MAIORES COTAS DE INTERACTIVIDADE

book, Twitter, Tuenti, Flickr, Youtube e Vimeo e portal corporativo www.xunta.es conta con preto de 5.000 seguidores en Facebook e Twitter. Ademais, máis de 1.000 usuarios déronse de alta no servizo para recibir notificacións de axudas e subvencións por correo electrónico e sms.

Coa renovación da web, cuxo mantemento está financiado con Fondos FEDER, implántase tamén unha nova ferramenta de monitorización que vai permitir coñecer en tempo real os usos e preferencias das persoas usuarias no conxunto de portais da Xunta de Galicia. Este datos permitirán tomar mellores decisións respecto á evolución da explotación da canle por parte da Administración galega. ■